

## INVADINDO A COSTA DA MORTE. ESTUDO DAS ESPECIES INVASORAS DA COSTA DA MORTE

**Xustificación e fundamentación do proxecto:** Comezamos esta investigación porque tiñamos curiosidade por saber a gran cantidade de especies invasoras que estaban ocupando os nosos solos e o espazo das nosas especies autóctonas.

As especies invasoras son aquelas que veñen de fóra ou que teñen un comportamento invasivo, é dicir, que ocupan grandes espazos impedindo o crecemento doutras. En moitas ocasións as actividades humanas afectan moito máis do esperado aos ecosistemas naturais, é o caso de moitas especies invasoras, veñen como plantas decorativas ou animais de compañía e unha vez naturalizadas compiten coas especies locais polo espazo e os recursos. Na nosa comarca este problema é especialmente grave xa que a Costa da Morte ten moitísimas especies que só existen aquí: camariña, herba namoradeira... e que poden desaparecer se non as coidamos.

**Metodoloxía:** Tras a fase de documentación, pasamos a decidir o obxecto do noso estudo. Concluimos traballar a distribución de especies vexetais posto que resultan máis fáciles de situar nun mapa que as animais. En concreto buscamos especies que teñen unha ampla distribución na costa da Morte e están causando problemas nos nosos ecosistemas.

- Unha de gato: (*Carpobrotus edulis*)
  - Esta planta procede de Sudáfrica e chegou a Galicia como ornamental.
  - Crece nas dunas, un lugar especialmente vulnerable.
  - Ten unha enorme capacidade de crecemento e resulta moi difícil de eliminar xa que calquera anaco que rompa pode dar lugar a unha nova planta.
  
- Herba da Pampa: (*Cortaderia selloana*)
  - De orixe americana.
  - Nalgunhas zonas empregouse para fixar o terreo e unha vez aquí creceu por todos lados.
  - É moi frecuente nos bordos das estradas pero pode vivir en calquera lugar.
  
- Vinca (*Vinca* sp)
  - De orixe mediterránea é un exemplo claro dunha especie que sendo nosa chega a ser un problema. En moitas páxinas de xardiñeiría aparece como unha planta fácil de cultivar e con gran capacidade de recubrimento, xusto os problemas que provoca nos ecosistemas.
  - Crece en calquera ambiente ocupando grandes espazos que impiden o crecemento doutras herbáceas.
  
- Mimosa: (*Acacia* sp)
  - De orixe australiana.
  - Empezou a cultivarse como ornamental.
  - Crece rapidamente tras os incendios impedindo o crecemento doutras plantas.

- Margarita africana:
  - Tamén de orixe surafricana.
  - Chega a Galicia cultivada en parques e xardíns (ornamental)
  - Crece rápido en zonas areosas impedindo que crezan as nosas especies.

Unha vez elixidas as especies realizamos unha ficha de cada unha delas facendo constar a súa orixe, características, distribución e problemática. Estas fichas están dispoñibles no blog do [Club de Ciencias](#)

Para realizar a recollida de datos programamos unha aplicación na plataforma Epicollet five: Invadindo a Costa da Morte. Na aplicación os datos a recoller son:

- ★ Elección da planta observada (entre as cinco especies obxectivo)
- ★ A súa extensión
- ★ Unha fotografía
- ★ A ubicación
- ★ A data.

A recollida de datos non se realizou dunha forma sistemática senón que buscamos a colaboración dos habitantes da contorna nun proxecto de ciencia cidadá. Durante as primeiras semanas empregamos a aplicación sen darlle publicidade para depurar os posibles erros e deixar un espazo para a reflexión.

Unha vez comprobada a aplicación comezamos a buscar colaboración mediante charlas:

- Primeiro aos nosos compañeiros do instituto.
- Despois abrimos o abano para presentarllos aos nosos pais, en feiras científicas e a outros centros da contorna.
- Por último presentamos a aplicación na radio, en Radio Nordés.

A medida que os datos se ían subindo, comezamos a facer o cribado e corrección da información para posteriormente publicar os datos na plataforma “MapHub” que nos permite publicitar os resultados en aberto. Nesta aplicación cada especie invasora aparece representada nunha cor. (Vinca azul, margarita do Cabo en amarelo, mimosa verde escuro, unlla de gato en vermello e herba da pampa en verde claro.

O proxecto está lonxe de rematar posto que aínda vemos como se abren novas liñas de traballo:

- Por agora non estamos estudando a cobertura.
- As nosas investigacións están aínda moi limitada nos concellos de Malpica, Ponteceso, Cabana de Bergantiños e Laxe.
- Queda por facer un mostreo máis sistemático para asegurarnos de que non nos quedan zonas por cubrir.

**Resultados:** O confinamento sorprendeunos con case [mil catrocentas entradas en “Epicollect”](#) e máis de [mil confirmadas en “MapHub”](#).

**Materiais:** A nosa investigación só precisa de materiais que veñen con nós todos os días: roupa de abrigo, crema solar e un teléfono móbil.

**Conclusións:** Aínda que se trata de conclusións provisionais podemos observar como:

- ❖ Practicamente non atopamos mimosa na nosa comarca. Resulta sorprendente tendo en conta a gran cobertura desta especie noutras zonas de Galicia.
- ❖ As estradas demostran ser unha vía de dispersión fundamental para vinca e herba da pampa que debuxan case as principais estradas da comarca.
- ❖ A margarita africana está aumentando a súa cobertura de forma alarmante posto que zonas sen esta especie o primeiro verán tiñan unha cobertura moito maior o verán seguinte.

#### **Bibliografía:**

- ⤴ Pérez Pintos, X *Bioinvasións na Galiza*. A osa Terra. 2004
- ⤴ Sanmartín, L. *Guía da flora do litoral galego*. Xerais. 1998
- ⤴ García, XR *Guía das plantas de Galicia*. Xerais. 2008